

nos termos e co alcance establecidos no Real decreto 575/1997, do 18 de abril.»

Tres. O parágrafo segundo do número 2 do artigo 87 queda redactado nos termos seguintes:

«Correspóndelle á mutua de que se trate a expedición dos partes médicos de baixa, confirmación de baixa e alta, así como a declaración do dereito ao subsidio, a súa denegación, suspensión, anulación e declaración de extinción, nos procesos de incapacidade temporal derivados das referidas continxencias profesionais relativos aos traballadores por conta propia adheridos, nos termos establecidos na normativa reguladora do réxime da Seguridade Social aplicable. Así mesmo, correspóndelle acordar as sucesivas baixas, confirmación de baixa e alta, expedidas nos procesos orixinados polas mesmas patoloxías que causaron procesos derivados das indicadas continxencias correspondentes aos ditos traballadores, nos termos e co alcance antes mencionados, así como a declaración do dereito ao subsidio, a súa denegación, suspensión, anulación e declaración de extinción.»

**Disposición adicional única.** *Achegas para o sostemento dos servizos comúns da Seguridade Social.*

As referencias efectuadas ás achegas para o sostemento dos servizos comúns e sociais da Seguridade Social, por parte de mutuas e empresas colaboradoras na súa xestión, nos artigos 7.c), 71.2, 76.2 e 87.3 do Regulamento sobre colaboración das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1993/1995, do 7 de decembro; nos artigos 76 e 77 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro; nos artigos 1, 67 e 68, así como no título da sección 1.<sup>a</sup> do capítulo III do título II do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño, e noutras normas de igual ou inferior rango, entenderanse feitas ás achegas para o sostemento dos servizos comúns da Seguridade Social.

**Disposición transitoria primeira.** *Subsistencia de táboas e taxas para a determinación de capitais custo de pensións e outras prestacións de carácter periódico da Seguridade Social.*

As táboas de mortalidade e as taxas de interese vixentes para efectuar os cálculos actuariais precisos para a determinación de capitais custo, aprobadas polo Decreto 3581/1962, do 27 de decembro, e demais normas complementarias, a excepción da porcentaxe en concepto de gastos de tramitación e xestión na capitalización, continuarán sendo de aplicación ata a data en que entre en vigor a orde ministerial pola que se fixen os novos criterios técnicos aplicables para o cálculo do seu importe, en desenvolvemento do previsto ao respecto polo artigo 78 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, na redacción dada por este real decreto.

**Disposición transitoria segunda.** *Vixencia das sociedades estatais de estiba e desestiba.*

A referencia que no artigo 10.4 do Regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade

Social, na redacción dada polo artigo primeiro.un deste real decreto, se realiza ás agrupacións portuarias de interese económico deberase entender tamén efectuada ás sociedades estatais de estiba e desestiba mentres non culmine o proceso de transformación destas sociedades nesas agrupacións, conforme o previsto no artigo 1 do Real decreto lei 3/2005, do 18 de febreiro, polo que se ampliou o prazo para a referida transformación establecido na disposición adicional sexta da Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral.

**Disposición derogatoria única.** *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

**Disposición derradeira primeira.** *Desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Traballo e Asuntos Sociais para ditar cantas disposicións de carácter xeral sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento do previsto neste real decreto.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día primeiro do mes seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», agás o disposto no número cinco do seu artigo primeiro, que entrará en vigor ao ano da dita publicación.

Dado en Madrid o 5 de setembro de 2005.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Asuntos Sociais,  
JESÚS CALDERA SÁNCHEZ-CAPITÁN

**15367** *ORDE TAS/2859/2005, do 14 de setembro, pola que se ditan normas para a aplicación do disposto no artigo 5 do Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo, polo que se aproban medidas urxentes en materia de incendios forestais. («BOE» 222, do 16-9-2005.)*

O Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo, polo que se aproban medidas urxentes en materia de incendios forestais, establece no seu artigo 5, entre outras medidas ao respecto, exencións e moratorias no pagamento das cotas á Seguridade Social nos termos que sinala este.

Pola súa parte, o Real decreto 949/2005, do 29 de xullo, polo que se aproban medidas en relación coas adoptadas no devandito real decreto lei, especifica no seu artigo 1 o ámbito de aplicación das medidas establecidas nel, estendendo no seu artigo 10 as medidas laborais e de Seguridade Social establecidas no real decreto lei aos subsectores económicos vinculados coas explotacións directamente afectadas polos incendios.

Pola súa vez, a disposición derradeira segunda daquel real decreto lei e a disposición derradeira primeira do dito Real decreto 949/2005 facultan os distintos titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, para ditaren as disposicións necesarias e estableceren os prazos para a execución do establecido en tales real decreto lei e real decreto.

Por tanto e co fin de asegurar a efectiva aplicación daquelas exencións e moratorias nas cotas previstas no artigo 5 do dito real decreto lei e no artigo 10 do citado real decreto, así como para unificar criterios na súa posta en práctica, faise necesario ditar a oportuna disposición.

Na súa virtude, dispuxen:

**Artigo 1. Exención no pagamento de cotas da Seguridade Social en supostos de expedientes de regulación de emprego.**

1. Para os efectos da exención no pagamento das cotas da Seguridade Social, que concede a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e prevista no punto 1 do artigo 5 do Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo, polo que se aproban medidas urxentes en materia de incendios forestais, serán de aplicación as seguintes normas:

a) As solicitudes de exención no pagamento de cotas deberanse presentar ben ante a autoridade laboral ante a cal se segue o expediente de regulación de emprego ou ben na Dirección Provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social correspondente ou nas súas administracións ou, se é o caso, na Delegación do Goberno ou na Subdelegación do Goberno na provincia de que se trate, ou en calquera outro dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para a súa remisión ao órgano competente para a concesión ou denegación da exención conforme a letra c) seguinte.

Non obstante o indicado no parágrafo anterior, os empresarios que teñan autorizada a xestión centralizada de determinados trámites relacionados coa cotización e a recadación formalizarán as súas solicitudes de exención no pagamento de cotas, en todo caso, ante a Dirección Provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou administracións da mesma provincia en que estea autorizada a dita xestión centralizada.

As solicitudes de exención no pagamento de cotas xuntaráselles, de estar ditada, a resolución da autoridade laboral recaída no expediente de regulación de emprego acordando a suspensión do contrato de traballo ou a redución temporal da xornada de traballo como consecuencia da situación de forza maior a que se refire o artigo 5 do citado real decreto lei. Se o expediente de regulación de emprego non estiver resolto no momento de presentar a solicitude, achegarase a devandita resolución dentro dos quince días seguintes á data en que esta se dite.

b) O prazo de presentación das solicitudes de exención de cotas será o dos tres meses seguintes ao da publicación desta orde no «Boletín Oficial del Estado».

Respecto dos incendios que se produzan con posterioridade á publicación desta orde, o prazo para as solicitudes será o dos tres meses seguintes ao do sinistro.

c) A concesión ou denegación da exención será acordada polo director provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou, se é o caso, polo director da Administración da Seguridade Social correspondente, conforme a distribución de competencias que estea establecida para o efecto.

d) A exención comprenderá tanto as cotas da Seguridade Social, incluídas as achegas empresariais e as dos seus traballadores, por contingencias comúns e profesionais, como as correspondentes aos conceptos de recadación conxunta mentres dure o período de suspensión do contrato de traballo ou a redución temporal da xornada de traballo, considerándose o dito período como efectivamente cotizado para todos os efectos.

A exención, en caso de suspensión do contrato de traballo, será do 100 por 100 e, para o suposto de redución temporal da xornada de traballo, esa exención será proporcional á dita redución.

e) Nestas exencións será de aplicación o disposto no artigo 2.1.a), último parágrafo, e c) desta orde, sobre a presentación de documentos de cotización.

2. As cotas exentas que xa fosen ingresadas, incluídas, se é o caso, as recargas e custas que se satisfixesen, serán devoltas, logo de petición dos interesados, xunto cos documentos acreditativos do seu pagamento, nos termos e cos efectos fixados no punto 3 do artigo seguinte.

**Artigo 2. Moratoria no pagamento de cotas da Seguridade Social.**

1. Para os efectos da moratoria dun ano sen xuro no pagamento das cotas da Seguridade Social por todas as contingencias así como polos conceptos de recadación conxunta con aquelas, correspondentes aos tres meses naturais inmediatamente anteriores á produción do sinistro, e recoñecida tanto ás empresas respecto da totalidade das achegas ao seu cargo como aos traballadores por conta propia incluídos en calquera dos réximes do sistema da Seguridade Social, conforme o artigo 5.2 do citado Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo, serán de aplicación as seguintes normas:

a) Para os efectos da presentación das solicitudes de moratoria será de aplicación o disposto no punto 1 do artigo anterior.

A acreditación dos danos sufridos realizarase mediante a documentación expedida para o efecto polo respectivo concello ou polo delegado do Goberno ou, se é o caso, o subdelegado do Goberno na provincia de que se trate, acreditativa dos danos e da localización das empresas ou explotacións afectadas ou, de ser o caso, mediante resolución favorable en expediente de regulación de emprego ou mediante resolución ou comunicación do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ou, de ser o caso, a través da Entidade Estatal de Seguros Agrarios (ENESA) en que conste a condición de beneficiario das indemnizacións outorgadas por esta en relación cos danos producidos polos incendios forestais acaecidos, conforme o indicado no artigo 1 do Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo.

No suposto de empresas, a certificación terá carácter individualizado para cada unha delas.

Así mesmo, xunto coas solicitudes da moratoria presentaranse, de non telo efectuado con anterioridade, os documentos de cotización correspondentes aos meses obxecto da moratoria, así como os relativos aos meses posteriores cuxo prazo de presentación xa vencese, aínda que non se ingresen as cotas respectivas, se é o caso.

b) A concesión ou denegación da moratoria será acordada polo director provincial da Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou, se é o caso, polo director da Administración correspondente, conforme a distribución de competencias establecida para a concesión de aprazamentos.

O prazo dun ano das moratorias concedidas computarase a partir do último día do prazo regulamentario de ingreso das cotas de que se trate.

c) Os solicitantes aos cales se lles concedese a moratoria virán obrigados, non obstante esta, a presentar os documentos de cotización correspondentes a períodos posteriores á dita concesión, na mesma forma e prazos establecidos con carácter xeral, mesmo cando non ingresen as cotas. No seu defecto, a moratoria quedará sen efecto desde a data en que se deberon presentar tales documentos.

2. A aplicación da moratoria dun ano sen xuro no pagamento das cotizacións, nos termos regulados no artigo 5.2 do Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo, para os danos producidos polo incendio orixinado na provin-

cia de Guadalajara, o día 16 de xullo de 2005, entenderase referida aos meses de abril, maio e xuño de 2005.

3. As solicitudes de devolución das cotas xa ingresadas e que sexan obxecto de moratoria, incluídas, se é o caso, unicamente as recargas e custas que se satisfixesen, poderanse presentar xunto coa solicitude de concesión da moratoria e, en todo caso, dentro do prazo establecido no punto 1.b) do artigo anterior, debéndolle xuntar, para tal efecto, os documentos acreditativos do seu pagamento. No suposto de que no prazo sinalado non se solicitase a devolución das cotas obxecto de moratoria, presumirase que se renuncia ao período desta a que se refiran as ditas cotas.

Se o que tivese dereito á devolución fose debedor da Seguridade Social por cotas correspondentes a outros períodos, o crédito pola devolución será aplicado ao pagamento de débedas pendentes con ela na forma que legalmente proceda, sen prexuízo do dereito daquel a solicitar aprazamento de todas as cotas pendentes que, deste modo, non sexan compensadas, nos termos do Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño.

**Artigo 3. Ampliación do ámbito funcional das medidas aos subsectores económicos vinculados ás explotacións directamente afectadas polos incendios.**

De conformidade co establecido no artigo 10 do Real decreto 949/2005, do 29 de xullo, polo que se aproban medidas en relación coas adoptadas no Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo, o disposto nos artigos precedentes seralles de aplicación aos subsectores económicos vinculados coas explotacións directamente afectadas polos incendios que, como consecuencia dos danos producidos nestas, puidesen ver reducida ou paralizada a súa actividade e cuxa vinculación coas ditas explotacións sexa establecida de conformidade cos criterios fixados ao respecto polo Ministerio de Economía e Facenda, logo de informe do Ministerio de Tránsito e Asuntos Sociais.

**Artigo 4. Aplicación das medidas a outros incendios.**

A exención e a moratoria a que se refiren os artigos anteriores así como as demais medidas establecidas no artigo 5 do Real decreto lei 11/2005, do 22 de xullo, serán así mesmo aplicables a outros incendios de características similares acaecidos ou que poidan acaecer desde o 1 de abril ata o 1 de novembro de 2005 nos termos declarados polo Goberno no Real decreto 949/2005, do 29 de xullo, ou nos que así o declare no sucesivo mediante real decreto en que se delimiten os municipios e os núcleos de poboación afectados polos incendios forestais no dito período.

**Disposición adicional.**

Nas referencias feitas aos traballadores nesta orde entenderanse incluídos tamén os socios traballadores das cooperativas encadrados en calquera dos réximes do sistema de Seguridade Social.

**Disposición derradeira.**

Esta orde entrará en vigor o día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 14 de setembro de 2005.

CALDERA SÁNCHEZ-CAPITÁN

Sr. Secretario de Estado da Seguridade Social.

## XEFATURA DO ESTADO

**15422** *REAL DECRETO LEI 12/2005, do 16 de setembro, polo que se aproban determinadas medidas urxentes en materia de financiamento sanitario. («BOE» 223, do 17-9-2005.)*

I

O dereito a unha asistencia sanitaria de calidade constitúe un dos piares do Estado de benestar con que o Goberno se encontra firmemente comprometido.

Respecto a esta asistencia véñense apreciando insuficiencias no seu financiamento que conducen á necesidade de adoptar medidas urxentes neste momento se non se quere que o servizo prestado aos cidadáns se poida resentir de forma apreciable no futuro inmediato.

Ainda que non cabe ningunha dúbida de que as prestacións sanitarias son competencia das comunidades autónomas –cuxos medios se encontran, ademais, salvo supostos moi concretos, totalmente transferidos–, o Goberno, precisamente por ese compromiso a que antes se facía referencia, decidiu incluír na súa política económica medidas para reforzar o financiamento sanitario.

Así, o presidente do Goberno presentou ante a II Conferencia de Presidentes das Comunidades Autónomas unha serie de medidas que foron aprobadas. Do mesmo modo, o subseguente Consello de Política Fiscal e Financieira das Comunidades Autónomas, celebrado o 13 de setembro de 2005, aprobou o detalle das devanditas medidas, coa especificación da repartición entre comunidades autónomas ata o grao en que a natureza de cada unha delas o permitía.

A proposta do Goberno configúrase como unha medida de política económica, urxente e engadida ao sistema vixente de financiamento autonómico. Non se pretende agora alterar este sistema (salvo nos retoques técnicos que puidesen ser imprescindibles), pois iso exixiría un proceso temporal longo –para o seu estudo e a aglutinación dos acordos necesarios –que sería incompatible coa actuación rápida que se demanda e se pretende satisfacer.

A implementación destes acordos exige, pola súa diversa natureza, distintos instrumentos xurídicos que se deben levar a efecto da maneira máis urxente posible, dada a necesidade antes exposta.

E como un deses instrumentos, a través deste real decreto lei, dáselles cumprimento a dúas desas medidas –a autorización de anticipos de tesouraría e a subida de determinados impostos especiais– que exixen norma con rango de lei para a súa posta en práctica así como unha actuación especialmente rápida dada a súa natureza.

II

Para os efectos descritos, en primeiro lugar, este real decreto lei autoriza o ministro de Economía e Facenda para que acorde a concesión de anticipos de tesouraría ás comunidades autónomas de réxime común e cidades con Estatuto de autonomía, á conta da liquidación definitiva do sistema de financiamento.

Segundo o vixente sistema de financiamento, as comunidades autónomas de réxime común veñen recibindo, en concepto de entregas á conta da liquidación definitiva, o 98 por cento da recadación líquida por tributos cedidos prevista no orzamento inicial do exercicio a que corresponden. O rendemento dos tributos cedidos é obxecto de liquidación cando se coñecen os datos definitivos de recadación.

Igualmente, en relación co Fondo de suficiencia, as comunidades autónomas de réxime común e as cidades con Estatuto de autonomía reciben como entrega á conta